

1.- Natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir coa presente contratación e idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as citadas necesidades (Art. 22 do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, TRLCSP):

No ano precedente o Concello de Noia solicitoulle á Deputación provincial da Coruña a concesión dun subvención nominativa para a realización do proxecto "Mellora na do entorno da Igrexa de Santa María de Roo. Empedrado e Servizos", que deu lugar á subscrición, en data do 30 de marzo do corrente, dun convenio de colaboración entre ambas administracións para o financiamento desta actuación, cuxo orzamento de execución por contrata ascende a 125.796,84 €, dos que a entidade provincial se compromete a achegar 87.364.98 €, mentres que a cantidade restante financiarase con cargo a fondos municipais.

Como ben expresa o enunciado desta epígrafe, para fundamentar esta contratación convén comezar pola explicación das razóns que fan necesaria a execución destas obras, xeograficamente situadas no núcleo rural de Santa María de Roo, quizá o máximo expoñente da dispersión demográfica detectada neste territorio, que reúne as connotacións históricas e morfolóxicas que tradicionalmente caracterizan a estas entidades territoriais, facilmente advertibles en determinados trazos como son a proximidade, contigüidade e agrupación das edificacións, a presenza de construcións adaptadas á explotación dos recursos naturais máis abundantes no medio físico inmediato, principalmente os vinculados ás actividades agrarias e gandeiras que constituían o marco produtivo por excelencia das economías de subsistencia das familias do rural, de cuxa produción destinaban á venda pequenos excedentes cando estes existían, as angostas rúas interiores que amosan esta relación entre o agro e o rúeiro interior ao longo do que se expanden as vivendas, deseñado para dar servizo ás actividades cotiás dos seus habitantes, o pequeno entramado urbanístico, concibido para dar soporte preferentemente ás responsabilidades e costumes domésticas e aos traballos que diariamente se desenvolvían no campo, e a simboloxía relixiosa, manifestamente perceptible na igrexa parroquial que dá nome ao lugar.

Naturalmente, no devir das últimas décadas a relevancia económica e social do medio rural deu paso a un paulatino abandono do campo e, como efecto simultáneo, unha parte importante da poboación que residía nestes asentamentos optou por migrar aos núcleos urbanos, de xeito que os espazos rurais adquiriron, ademais dunha función propiamente residencial, unha dimensión cultural, froito do legado patrimonial, principalmente de carácter etnográfico, relixioso e ambiental, máis representativo da valiosa riqueza colectiva e, ao mesmo tempo, elemento expresivo e identificador das costumes e formas de vivir dos seus moradores, máxime se temos en consideración que esta aldea atópase nas proximidades do río Tambre e o seu estuario, declarado zona LIC, e que constitúe un lugar de tránsito ao complexo hostaleiro do Tambre, á antiga central eléctrica e á zona de recreo adxacente, así como á ruta de sendeirismo que conduce ás antigas pesqueirías, á ponte colgante e, finalmente, a unha paisaxe singular de extraordinaria importancia ambiental para goce de visitantes.

Expostos estes valores naturais e culturais, un dos elementos que rompen a relación harmónica que debe prevalecer en toda paisaxe rústica proveu do subministro das redes de comunicación e electricidade instaladas a través de conducións aéreas que implican unha afección física de índole ambiental, un maior impacto visual e unha inxerencia indesexable nun hábitat eminentemente natural e de significativa relevancia patrimonial. Para resolver esta cuestión prevese o aproveitamento das escavacións previas co fin de acometer unhas canalizacións soterradas destinadas ao soterramento das liñas de telefonía e electricidade orientadas a mitigar o impacto visual e previr as potenciais avarías derivadas dos efectos